



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO PARLAMENTO DE GALICIA SOBRE A CONVENCIÓN INTERNACIONAL SOBRE DEREITOS DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Con ocasión da entrada en vigor da Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade, e o seu protocolo facultativo, adoptados pola Organización das Nacións Unidas, o Parlamento da Comunidade Autónoma de Galicia reconece a súa extraordinaria importancia como instrumento xurídico internacional que instaura unha nova concepción da discapacidade, centrada nos dereitos humanos e na persoa con discapacidade como titular irrenunciable dos devanditos dereitos.

Como forma de colaborar á súa efectiva vixencia, o Parlamento de Galicia adopta a seguinte declaración institucional:

1.- Comparte o contido da Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade das Nacións Unidas, que ten a vocación de impulsar o recoñecemento das persoas con discapacidade como suxeitos de dereitos humanos en igualdade de condicións, e insta os países que integran a comunidade internacional á súa protección e garantía.

2.- Expresa a súa disposición a colaborar na plena e efectiva implantación dos valores, principios, mandatos e disposicións recollidos na Convención a través da súa aplicación en todos os actos orixinados neste Parlamento, velando pola súa plena accesibilidade e polo seu respecto ao dereito de igualdade de oportunidades e non discriminación.

3.- Comprométese, no ámbito das súas competencias, a impulsar as leis e disposicións autonómicas que sexan

necesarias, e a modificar calquera outra que o requira, para garantir a plena inclusión das persoas con discapacidade como cidadáns en igualdade de oportunidades, incluída a súa plena participación na vida pública e os dereitos de sufraxio activo e pasivo, entendendo que para a súa consecución será necesario contar coas organizacións representativas deste sector social no deseño e na definición das políticas públicas de discapacidade.

4.- Rexeita e condena a violación dos principios e disposicións contidos na Convención e calquera outro acto que vulnere o dereito de non discriminación, e comprométese a erradicalos sempre que recaia no ámbito das súas competencias.

5.- Insta as demais institucións e poderes públicos desta Comunidade Autónoma a adherirse a esta declaración institucional e a aplicar e respectar os principios e disposicións contidos na Convención no ámbito das súas competencias e obrigacións públicas.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2010